

## O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

### CORTE N° 2 CINTA 12



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

#### NOME DO DOCUMENTO:

MPG\_SaVi\_0012\_002B\_en\_0\_04\_43\_id666\_D

#### AUDIO DE REFERENCIA:

MPG\_SaVi\_0012\_002B\_en\_0\_04\_43\_id666.mp3

#### INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a primeira das 26 entrevistas realizadas a Enrique Parcerro Chapela e a María Pérez por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante Enrique Parcerro explica como se pescaba coas artes da xávega e do caldeo, e como se organizaba o traballo nas embarcacións e cando chegaba o peixe a terra. A súa muller, María Pérez, fai achegas á conversa.

#### NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## DATOS DO CORTE

- **DATA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 06 de agosto de 1992
- **INFORMANTES:** Enrique Parcerro Chapela e a María Pérez
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**  
**Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen  
**Parroquia:** O Carmen  
**Concello:** Moaña  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé ou entre parénteses () para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que din o e a informantes están sinaladas con: (?)  
 Cando intervén María Pérez na conversa está indicado con: "(María)" antes do texto.

## PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, Moaña, arte de pesca, xávega, aparello, boliche, arrastre, refrán, salabardo, quiñón, patela, embarcación, chalana, traiñeira, falucho, traballo da muller, peixeira, venda de peixe, Cangas, armador, patrón, caldeo

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 12



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

P: Empezar por tipos de artes que existiron e que desapareceron.

R: A arte é esa, esa que che digo eu, largaban, daban un cabo en terra e iban largando veta, veta pa fóra según as vetas que foran, doce ou catorce vetas.

P: ¿E canto tiña cada veta?

R: Pois cada veta...

P: Aproximadamente.

R: Cada veta, polo menos unhas de 26 a 30, de 26 a 30 brazas. Que son. Unha braza é metro e non sei que, non me acorda e sabíao, ¿eh?...

R (María): Sete varas.

R: Son muito...¿Sete cuartas non?

R (María): Sete cuartas (rectifica)

R: Unha braza eran sete cuartas, e a cuarta ten 22 cm., así que eran metro e medio por aí, unha braza metro e medio, pouco máis pouco menos, entonces largaban, según as vetas onde quixera o patrón largar.

P: Había postas non?

R: Había postas, había unha posta no Latón, había unha posta no (punta do) Arroaz había unha posta aquí no muelle<sup>1</sup> donde está o muelle.

R (María): Na Mosqueira<sup>2</sup>

R: Había una posta na Mosqueira, no Con. Había máis po mar, un pouco fronte ó Con. Había si. E despois iban a Barra iban á Illa<sup>3</sup> tamén á pelar as praias<sup>4</sup>. Os de Redondela viñan pa Illa o lunes e non marchaban hasta o sábado.

P: ¿E facían noite alá na Illa entón?

R: Xa facían día e noite, alí durmían, alí comían e cando marchaban pa Redondela levaban os chamizos, os feixes de chamizos, porque había moito toxo na Illa antes, todo era toxo, entón plantábanlle fogo e aquel queimado despois arrancabanno e levabanno pa leña. Bueno, pois esas artes largaban. Entón había uns que lle decían que eran os de... os que eran de parte. Eran os que andaban a largar e a vogar e eran os que iban a vender a Vigo e todo iso, ¿non? E os que estaban en terra, eses namais que andaban polo quiñón do peixe que lle daban, eran os de portar. Entonces ó chegar ou viñan de volta de largar o aparello, viñan co outro cabo e uns poñíanse a tirar nun lado e outros o outro. Tiñan uns cintos e un chicote de cabo con un nudo e dábanlle volta á veta e despois naquel nudo (?) e así facían forza e tiraban para atrás, pa atrás, ¿non sabes? E despois estaba o patrón a fóra nunha chalana e había unhas e... tiñan un barquiño pequeno que corría a veta por riba por culpa de.. de que non enfangara moito o aparello. Levataba as vetas máis no aire.

P: O aparello ¿como era, circular?.

R: Era de banda e copa. Non era... de largar de cerco, non era de cerco era de copa.

P: Está feito por tres tipos de redes...

R: Era de arrastre

R (María): Era coma o boliche, así unha cousa.

P: ¿Que tiña un calón antes?

R (María): Sí, si. Tiña calóns.

<sup>1</sup> No tempo da arte aínda non existía o peirao de pedra que se inaugurou en 1931, fronte a casa-pazo de Méndez Núñez.

<sup>2</sup> Punta da Mosqueira

<sup>3</sup> Illas Cíes.

<sup>4</sup> Describe ordenadamente as postas -lugares onde estaba autorizado usar a arte- da rada de Moaña dende Domaio ata O Con.



R: Bandas. Tiña calóns e bandas. Quero dicir... E despois encanaba o copo a gola. A gola e o copo. Cando falemos do boliche habemos de falar da gola tamén e mais...

P: A gola

R: A gola é a boca

P: Era así ¿non?, tiña tres partes unha era o calón que ó tirar iba cerrando

R: Non, non, non.

P: ¿Non?

R: El viña aberto sempre. Iba si. Iba facendo, pero mentres viña afora, viña casi así.

R (María): Pa mallar o peixe.

R: O copo atrás.

P: O copo o cope que era tipo... bolsa ou?.

R: O cope era tipo bou pero mais...

R (María): Tipo boliche máis.

R: Tipo boliche, si pero máis grande porque era un aparello máis grande, entonces despois para que non embarrara o patrón vigilaba cando o barco non ve... Entón decíalle a eses barcos “hálate ás boias”, quere dicir que se acercara máis ó aparello entón iba tiraba pa levantar un pouquiño máis o calón para que non collera ou “hálate á terra” que si miraba que viña muito no aire, pois entón tiraban para a terra.

P: Ese que viña dentro o que lle facía o cerco viña dentro ¿non? A lancha

R: A lancha non.

P: Viña por fóra?.

R: A lancha estaba en terra (?). O aparello viña solo. Despois ó chegar a terra viñan halando, halando, e conforme íbanse acercando ¿non sabes? Pois calaban máis pola dereita ou pola esquerda pola ría ou polo mar como lle chamamos nós. A ría é pa dentro e o mar é pa fóra, quero dicir, por exemplo: Ahora estamos mirando pa Vigo, os da ría son os da esquerda e os do mar son os da dereita.

P: Ou están pa Illa ou están pa...

R: E se estamos en Vigo é ó revés, ¿non sabes?. Bueno, entonces víñanse acercando e o aparello iba xuntando as bandas, xuntando as bandas, hasta que no sitio de rapar, rapar chamábanlle chegar á terra, xuntábanse case de todo. Entonces despois, no mar antes de chegar a terra os da lancha collían ás bandas e entón metían as bandas a man e o peixe xa viña no copo por alí, se viña muito co salabardo a salabardear e si viña pouco....

P: Metían na lancha xa

R: Na lancha para ir a vender, e despois os que halaban, os que estaban en terra, pois dábanlle un quiñón de peixe e iban a repartilo ¿non sabes? poñíanse todos arredor, os que traballaron, e iban un a repartilo e iban poñendo puñados ou cunha patela, facendo montes.

P: ¿E sorteaban ou non?

R: Despois. Non, cada un xa lle poñían os seus. E, ó mellor sortearían, iso eu e que non sei. Pero había veces que o peixe era pouco, claro, e todo o mundo quería máis e había uns cuantos pillos empezaban “uh, uh, ármala, uh, ármala” e empezaban e alí o que tiña mans, tiña mazáns. Hubo algún que nin a probaba.

P: E cando había pouco era como a repañota<sup>5</sup> (sic) ¿non?

R: E cando había pouco era unha repañota.

P: Xa non daba tempo de facer quiñóns ni nada.

R: Vámola a armar, e xa empezaban. E de aí quedou o refrán ese “hai que armala”... “hai que armala”. Bueno, e esa era a arte.

P: E nesa arte había dous tipos de traballadores ¿non? Os que que estaban nas chalanas que eses eran fillos

R: Eses eran fillos e mais o...

<sup>5</sup> Do verbo repañar. Posiblemente un nome localista.

P: Quen contrataba...

R: Había o barqueiro, o barqueiro era o que andaba cos barcos sempre a levar dicíalle o patrón “haber vamos esta noite a”... Porque ademais había que coller as postas ¿non?, o que primeiro chegaba era o que primeiro largaba e despois iban largando según, coma...

P: Íbanse turnando

R: Íbanse turnando, aí está. Porque había moitos e poucas postas, entónces ó barqueiro decíalle o patrón “mira leva po Arroaz” e iba e fondeaba alí o barco, ou leva pó Real<sup>6</sup>, e aquel despois outro que viña detrás quedaba detrás, e aquel que primeiro chegaba era o que largaba, e tiña tamén que coller as vetas todas pa terra, ou digo pa abordo pa tendelas e había que secalas e todo iso tiña moito traballo, o barqueiro tiña moito traballo, pero ganaba parte media ou dúas partes, según o trato que tivera e mais como valera porque, claro, non todos somos iguais, no mundo non somos todos iguais os homes, en homes sí, pero en saber e en valer non todos somos iguais, eu xa non valgo pa nada, eu non valía.

P: Cantos homes estaban polo mar, que traballaban. ¿A chalana, que había unha ou dúas ?

R: As chalaniñas iban un home en cada ela para aguantar na veta, namais, namais. A tirar a terra, pois os voluntarios que hubiera.

P: Aparecían voluntarios ¿non se chamaban, sempre había voluntarios?

R: Iban eles para ganar un cupo de peixe.

P: E non había quen controlara.

R: Non, iso, non.

P: Porque habería algún que tiraría máis, e ós que chegaran de últimos ó mellor querían o mesmo quinón e non o traballara...

R: Aí si tamén... pero non e... hai veces que si, que había discusións dos que chegaban tarde e decían uns “home ti, ti queres as de largar e mais as de tirar pa terra” o que viña despois decíalle “ti non viñeches a largar viñeches a portar pa terra namais, e queres as de largar e mais as de botar pa terra e non pode ser”.

P: E cando estaban en terra tiraban homes todo ou tamén tiraban mulleres?

R: Algunha podía ir, pero poucas, pero algunha sí ¿Sabes onde iban moitas mulleres? a comprar despois ós (?), porque había algúns que tiraban nunha e tiraba na outra e tiraba na outra. E si había peixe, era moito pa levar pa casa pa comer, entón iban as peixeiras a comprar e despois vendían por aí arriba. Elas collían, e ou ó mellor vendíalle a unha dous ou tres centos, o outro vendíalle outro cento e ela iba a vender polas portas.

R: (María): Porque esas non eran sardiñas, eran espadíns.

R: Eran espadíns e mais sardiña.

R: (María): Non sardiña non.

R: Cando había sardiñas na ría tamén. Agora que claro, a sardina non entra tanto, agora o espadín sí, espadín había moito. o espadín era máis no inverno, o espadín era no inverno, e as sardiñas xa non, e tomaban, despois viñan castes, chamabanlle castes por exemplo o choco, pescadillas, había moitas pescadillas dentro da ría antes, e viñan cabalas viñan así, peixes raros.

P: ¿Tamén eran de caste?

R: Eses eran castes, e eses eran bos tamén ¿non?... (?)

P: Xa estaba repartido

R: (?) E ese é un dos oficios....

P: ¿Usté acorda traballar a arte?

R: Algunha pero apenas, apenas. Inda si vivira por aquí si. Da miña idade e mais novos ca min inda acordan pero eu como vivía alá, eu vivía alá, e non necesitaba, porque miña nai traballaba moito, moito a terra, e collíanse patatas e millo, de arriendo todo ¿non? ,de noso nada, pero arrendado e collías unha fecha de viño entón non facía falta andar a vir a arte nin nada de iso, traían peixe de Cangas, porque daquela o peixe.. fíjate ben! Acórdame unha

<sup>6</sup> O Real era a posta que estaba enfrente a casa de Méndez Núñez.



cousa sempre. Unha vez, cando eu non sei que estaba facendo e viña unha muller de Cangas da plaza e había o costumbre de decirlle “¿ves da vila?” Ir a Cangas era ir á vila

P: Si, ir á vila si.

R: “Dolores, ¿ves da vila?” “Veño” e “¿a como iba o peixe?” “ai mira, íballe algo cariño; iban as piardas a medio real”.

P: Medio real

R: Eu pensa, pensa, pero isto non me acordou máis nunca, pero despois deime cuenta que as piardas eran bogóns, ¿non? Pero daquela eran bogoóns así e díxenlle eu “a medio real a ducia” pois eran vintecinco, un real ¿sabes? vintecinco un real e si era unha ducia pois eran tres chicas, quince céntimos, e si levabas os vintecinco, dúas ducias era un real por iso era a medio real a ducia (risas), fíjate ben! Tería eu, pois ¿que tería? dez anos ou once por aí.

R: (María): Sí porque antes o peixe vendíase máis por...

R: Máis polas aldeas.

R: (María): Non, máis por cento.

R: Por cento e ducia, unha ducia, media ducia vintecinco cincuenta

R: (María): Nón levábamos o bogón a Vigo a (?) e levabas un milleiro, tiñas que contar dez centos, dez centos, non era por quilo.

R: Nos anos 50 aínda.

R: (María): Diso inda hai pouco.

P: Falando...

R: Ti vai preguntando.

P: Da arte. o aparello de quen era dun armador?

R: Dun armador.

P: Do armador.

R: Si do armador.

P: Entonces el xa tiña de man os mariñeiros e mais o patrón.

R: Os mariñeiros e mais o patrón. O patrón...

P: E cantos eran máis ou menos.

R: Non che podo decir, pero como despois os de terra eses non contaban, eses eran según o que acudira había veces que non tiñan quen lle tirara pola arte tampouco, pero a veces sobraballe.

P: ¿Tiñan que ir os mesmos mariñeiros entón a tirar?

R: Eh, eh aí está. Pero non che podo decir cantos eran ha de haber quen sepa aquí sabes pero...

R: (María): A bordo podían ser moi poucos.

R: Eu o que che expliquei eu antes, ¿non? pero moitos moitos non.

R: (María): O difunto do meu abuelo era barqueiro porque era o cuñado deste Concelleiros<sup>7</sup> era barqueiro era o que andaba a Vigo co peixe...

R: O barqueiro era o que iba a largar e todo iso, e o patrón tamén iba a largar, pero levaba dereito e era o que mandaba despois nos tripulantes.

P: ¿É o que iba co peixe a Vigo?. Chamábanlle...

R: Iban a vender a Vigo.

P: A enviada chamábanlle.

R: A enviada, chamábanlle a enviada. “Vai a enviada en Vigo”, e el era o que iba ó cargo.

P: Iban a remos palá<sup>8</sup> (sic) ou a vela?

R: (María): A vela, a vela... A remos e a toda esa cousa.

R: A vela, a remos según. Si había nordeste desde aquí pois vela arriba, empopas<sup>9</sup> hasta a Ribeira

<sup>7</sup> Concelleiros era un alcume.

<sup>8</sup> Localismo de “para alá”

<sup>9</sup> Empopas, quixo dicir que lle da o vento de popa.

P: De cantos remos sería esa.

R: Según fora o barco, os remos é según fora o barco había de dez por banda había de oito e había hasta de quince.

R: (María): Eran lanchas grandes.

R: E despois cando iban ó caldeo máis, cando iban ás rabas a pescar sardiñas á Illa, ou á ardora tamén iban de noite.

P: O caldeo coas lanchas estas grandes de.

R: Tamén

P: Usté acordase cando chegaron a Moaña ese tipo de traineras, como lle chamaban faluchos?

R: Non os faluchos eran, polo que teño oído eu, xa non me acordo, os faluchos eran os que iban a pescar a fóra da Illa ó pincho. O pincho era como a modo de uns palangres, á merluza, e ó congrio, o pincho chamábanlle o pincho, compraban de encarnada pulpo.

P: ¿Pulpo?

R: Pulpo e hai un refrán que decía e chamábanlle os faluchos, ós barcos chamábanlle faluchos, e hai un refrán que dice que como iban a comprar as veces non había encarnada para todos e decía: vale máis un falucho ben encarnado que dous mal (risas). A ese refrán decía: máis vale un falucho ben encarnado ca dous mal. E agora ...

P: E chamábanlle traineras daquela xa ou...

R: Si. Ás traineras chamábanlle, claro, eran , chamábanlle lanchas de remo pero despois a trainera porque aquí o cerco veu porque o trueron os santanderinos, aquí viñeron os santanderinos...

P: Santanderinos ou asturianos

R: Santanderinos. E viñeron a facer aquí o.... Cando implantaron por aquí ese o cerco de *jareta*. Que antes, agora os aparellos de cerco de *jareta* teñen calóns, antes non tiñan calóns tiñan o que lle chamaban pancillas, pancillas era unha tira que se amarraba na primeira, no primeiro cabeceiro que se botaba ó mar e iba largando, largando, largando co aparello tamén ¿non sabes? e despois ó chegar á boia collíase e halábase e aparecía o calón, cerrábase despois, era, o aparello era igual cuadrado, entón aquela pancilla iba metida.... e iba cerrando e cerraba coma...

P: Ó tirar por ela cerraba.

R: Ó tirar por ela cerraba pouco a pouco...

P: ¿Que tiña as mallas muito máis largas?

R: Aí está, aí está. Tiña as mallas muito máis largas e iba cerrando.

P: ¿Máis largas aínda que o calón?

R: Que o calón, non, por aí serían, digo eu, eu xa che digo non as acordei esas eu xa non traballei con pancillas. Mirei despois en Santander que estando no servico, eu como facía a guardia no portalón un día mirei inda xa no ano 31, ¡fijate ben! inda largaron eles con pancilla inda non gastaban calóns, alá e xa eran de motor e iban alí por dentro da ría ó costado do barco e largaban, (emite sons gurutarais) e coa mesma e quen estaba alí tamén no servico con nós era Manuel da Viúda, o pai do meu xenro, de Manolo

R: (María): Un irmán de Sr. Cándido do Pósito.

R: O irmán de Candido do Pósito. E aquel sabía máis de mar, que era un ano máis vello ca min tamén e mais era de aquí, e xa era patrón, foi patrón na casa de Benito Rogelio moito tempo, foi patrón na casa da...

R: (María) Da Manca –alcume–

R: Da Manca, e foi en varios sitios, entonces pregunteille “oes Manuel como eses barcos... ¿non miras?, “son pancillas oh” porque eu xa oíra falar delas non? Das pancillas

P: A pancilla non é todo o aparello ¿non?

R: Non, non.

P: E o que faría de calón máis ou menos.



R: Eran os calóns, iban postas nos calóns, agora que aquela había que largala para collela despois para tirar, entón levaban o charango posto e o aparello iba por aquí e a pancilla iba así por aquí, e iba largando e quedaba fóra do aparello.

P: E facía o cerco todo.

R: Despois tirabas en vez de coller... non gastaban boia, xa tiraban desde a bordo, e xa... quero decir sacaban do aquel e xa corrían a proa e xa tiraban.

P: Eses iban en traineras ¿non? E xa engadaban o peixe coa raba daquela.

R: Coa raba si.

P: E despois facían o cerco todo.

R: E despois facían o cerco ¿E como collían o aparello, como halaban desde a popa ou distribuíase a xente?

R: Despois distribuíase polo costado de babor, porque... antes caldeabase a popa no barco cando se andaba a remo, e estaban os da barranca chamábanlle os da barranca aqueles eran os que aguantaban máis pero sempre eran dous vellous ou tres porque estando calma para aguantar ¿non? e había un piquero que tiña un remo á proa, a pica que lle chaman a pica, e entón o barco tiña que estar sempre alí, tiñan como unha cuña, tirábase unha boia, unha boia pequeniña, dunha cuarta de altura feita duns colchos e un plomo colgado abaixo, entón tirabas e a aquela distancia entón había que ter aquela sempre...

P: Manter aquela dirección ¿non?

R: Manter aquela dirección.

P: Aproar aquela boia sempre.

R: Aí está, e, porque o caldeo levábase salvado e mais raba. O salvado era para facer o que lle chamaban o masagote porque despois ¿cómo lle chamaban onde quedaba o masagote todo?, Dios mío!, vanse olvidando as cousas, o macizo! O macizo, todo aquilo que o salvado facíanno papas e iban botando e quedaba todo xunto non sabes e vai coa corrente, iba indo coa corrente, entonces hai que levar esa cuña sempre coa corrente e o piquero é o que ten que ter cuidado del, e había que estar sempre a aquela altura, entonces claro, aguantando a corrente.

P: Tamén estaban a proa vogando ¿non?

R: Vogando máis a proa ca....

P: Máis a proa pa deixar a popa para traballar.

R: E coa mesma despois iban muito pa avante “non vogar tanto”, “aguanta máis”, “non aguantar tanto” aquel é o que tiña que estar sempre mandando.

P: O piquero, neste caso facía de patrón dirixindo a...

R: O patrón e máis... entre os dous...

P: De timón, coma si fora timonel.

R: É coma timonel, era. E que despois veu o timonel, cos motores xa veu o timonel. Bueno, e despois viña o peixe, o peixe ponse a comer, viña a comer aquel macizo como dixen eu, entón xa había que botarlle máis raba para que viñeran máis a flote e ó mirar o patrón.... el miraba que o peixe estaba como para largar porque había veces que íbas a largar e despois marchaban porque se asustaban, pero ó estar ben mazado e máis ó botarlle raba ¿sabes?. O botarlle raba. Había quen, por non gastar, botáballe dous grans, e o peixe viña a comer que non viña a...(risas)

P: E se iba.

R: Pero habendo moito, chama sempre a comer. Entonces... e de alí, despois, collían outra vez a... despois xa se largou con boia, collían a boia e veña! Entón halaban.

P: E halaban desde a popa?

R: Un á popa e outro máis á proa, e as gharetas no medio, as gharetas no medio.